


# Outono Fotográfico' 2012

## Ribadavia

*Apeiros e Labores na Viña e na Adega''*

Santi M. Amil



Santi M. Amil ten retratado en branco e negro no ano 1996 a xentes do Ribeiro en diferentes tarefas do traballo da viña e da adega, no que se manifesta con claridade a vocación documental do autor. Esta vertente da súa produción fotográfica enlaza coa desenvolvida durante varios anos como colaborador do Museo Etnolóxico. Desta colaboración procede a escolma de varias fotografías da serie dixital a cor, feitas sobre un conxunto de pezas do ciclo vitícola e dos labores vinícolas e realizadas para ilustrar o primeiro catálogo da colección vitivinícola deste Museo.

Santiago Míguez Amil, fotógrafo documental e de prensa e socio fundador de Nega-2, está na actualidade vinculado a La Voz de Galicia. Foi «Foto do Ano» de Galicia en Foco 2005.

**Ribadavia** Museo Etnolóxico.Ribadavia-Ourense  
Local Social «Igrexa da Madalena»

*Do 2 de novembro ao 2 de decembro de 2012*

Horario: Martes a Venres de 18 a 20 h.

Outono Fotográfico en Ribadavia

Apeiros e Labores na Viña e na Adega / Señoritas e Señores

Nesta edición do Outono Fotográfico, o Museo Etnolóxico ten convidado a dous fotógrafos con experiencia na fotografía de contido etnográfico. Ricardo Alcalde, cuxa sensibilidade para captar a presenza humana na paisaxe do rural galego fica probada na excelente serie «Señoras e Señores» e Santi M. Amil, colaborador de antigo do Museo, quen aporta unha interesante mirada sobre as xentes e os obxectos na vendima e no traballo da adega.

OUTONO FOTOGRAFICO 2012

Coordenación xeral:



Coordenación en Ribadavia:



Colaboran:



**Museo do Pobo Galego**

